



**Xosé Afonso Álvarez Pérez (2010): *Para un estudo xeolingüístico dos campos lexicais. Análise de designacións galegas do ámbito da gandaría*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza (Biblioteca Filolóxica Galega/Instituto da Lingua Galega) + CD. 729 pp.**

NO OUTONO de 2010 a Fundación Pedro Barrié de la Maza sacaba do prelo a obra de Xosé Afonso Álvarez Pérez titulada *Para un estudo xeolingüístico dos campos lexicais. Análise de designacións galegas do ámbito da gandaría*. O texto é unha revisión da tese de doutoramento que o autor defendeu no ano 2008 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. A obra xira en torno ao estudo de dezaseis designacións relativas aos nomes da vaca como animal adulto, da cría e da anatomía, que se presentan organizadas en Capítulos. Esta parte central do traballo é precedida pola Introducción e Abreviaturas e convencións e é seguida polo Cabo, Bibliografía, Índice de formas do material primario, Índice de afixos, Índice de étimos e formas citadas no comentario das respostas, e os anexos: o Anexo I. Índice de localidades e o Anexo II. Índice de mapas.

Amais da versión en papel, dende a páxina web do Instituto da Lingua Galega (ILG) ofrécese de balde a Introducción e os Índices en formato libro flash con páxinas dinámicas en 3D para que todas aquelas persoas interesadas poidan coñecer máis polo miúdo o enfoque deste traballo [[http://ilg.usc.es/ilgas/novas\\_publicacions/flashbook/estudo-xeolingüístico-campos-lexicais.html](http://ilg.usc.es/ilgas/novas_publicacions/flashbook/estudo-xeolingüístico-campos-lexicais.html)].

Na Introducción (pp.7-18), que abre a obra, o autor explica o motivo de dedicarlle o estudo a un animal coma a vaca, da que di que “acadou o estatus de animal totémico na nosa cultura” e é, precisamente, o vínculo deste animal á vida cotiá dos galegos o que posibilita a existencia dunha riqueza léxica excepcional á hora de nomear os diferentes aspectos da súa anatomía, reprodución, características, etc., que en páxinas posteriores o autor analizará detalladamente. Xosé Afonso Álvarez Pérez, ademais, fálanos da proposta de “ofrecer un modelo metodolóxico para a análise de campos lexicais galegos que combine a perspectiva xeolingüística coa perspectiva histórico-etimolóxica e a lexicográfica”, obxectivo que consegue como se observa no libro, no que sempre están presentes as diferentes solucións adoptadas polas diversas linguas románicas, das que el é bo coñecedor.

Dentro desta sección tamén se recolle, en dúas subseccións, a metodoloxía seguida para a elaboración do estudo: unha delas presenta o material empregado e, a outra, a organi-

zación do traballo. Como fontes primarias, e coa finalidade de ter testemuños léxicos de toda a comunidade galega, foron empregados o *Atlas Lingüístico Galego* (ALGA), que se utilizou directamente traballando cos cadernos conservados no Instituto da Lingua Galega (ILG) nos que se compilan 165 enquisas realizadas entre 1974 e 1977. A información obtida estudouse xunto coa achegada polas enquisas realizadas por estudantes de Lingüística Románica da Universidade de Santiago de Compostela no ano 1969 e nelas analízase un ou varios campos lexicais relacionados entre si. Coa finalidade de complementar e enriquecer a información achegada polas fontes primarias, empregáronse (como fontes secundarias) ferramentas informáticas en soporte electrónico e en liña coma o *Diccionario de diccionarios* (DD) e o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG). Na subsección relativa á organización do traballo expónse con claridade a macroestrutura e a microestrutura que se vai seguir: cada unha das dezaseis designacións conforman un capítulo e dentro del explícase a listaxe das respostas (fontes de onde se tomaron os datos, unha clasificación da relación tendo en conta dúas variables: a motivación da dita designación e a vitalidade no territorio; tamén se achegan datos relativos ao tratamento do material e inclúense comentarios pertinentes). A continuación preséntase a distribución xeográfica das respostas plasmando en diversos mapas a información recollida; esta, á súa vez, acompáñanse dun comentario explicativo breve, pero adecuado e útil para entendermos as diversas áreas lexicais que se estudan; finalmente, abórdase un comentario individualizado de cada unha das respostas tendo sempre presentes, de seren de axuda para entender a forma galega, as solucións adoptadas por outras linguas románicas.

Deseguido ofrécesenos as Abreviaturas e convencións (p. 21) para despois continuar cos dezaseis Capítulos (pp. 25-567) que constitúen o corpo do traballo. En cada un deles analízanse, detalladamente e con moito rigor metodolóxico seguindo o exposto na introdución, cada unha das seguintes designacións: 1. O animal adulto (macho), 2. O animal non adulto, 3. O pescozo, 4. Infectarse o pescozo polo roce do xugo, 5. Espiñazo, 6. Ósos da cadeira, 7. Vaca cun cadril afundido por mor dun golpe, 8. Parte onde nace o rabo da vaca, 9. Vaca sen rabo, 10. A vulva, 11. Bestra, xarrete das patas traseiras, 12. O ubre, 13. A barriga, 14. Dentes de leite, 15. A corna e 16. Cornos da vaca (morfoloxía); dentro desta sección estúdase: 16A. Vaca cos cornos cara abaixo, 16B. Vaca cos cornos cara arriba, 16C. Vaca cos cornos cara atrás, 16D. Vaca cos cornos ós lados, 16E. Vaca sen cornos, 16F. Vaca cun corno só, 16G. Vaca cos cornos cara adiante. Cada un dos Capítulos preséntase coa información indicada anteriormente, pero uns posúen maior extensión (coma o capítulo 11, dedicado á denominación da bestra) ou menor (por exemplo, o capítulo 3 dedicado ao estudo das designacións do pescozo), dependendo do número de formas coas que conte a palabra estudada. Todas as voces aparecen ben organizadas en diferentes seccións, subseccións, etc., permitíndolle ao lector un acceso claro e unha busca rápida da información que se proporciona.

A modo de conclusión da investigación o autor presenta o Cabo (pp. 571-572), en que deixa manifesto “da riqueza do campo estudado e dos diferentes procedementos de formación ós que recorreron os falantes para acuñar as novas designacións” e indica que a mei-

rande parte das voces analizadas teñen orixe latina, a pesar de existiren outras cuxa orixe é incerta. Tamén salienta a vitalidade que teñen para a formación de palabras as lexías que fan referencia ao mundo agrícola e destaca a recorrencia da derivación sufixal como procedemento para crear novas voces. No relativo á xeolingüística galega, o autor fala da necesidade de mellorar a estruturación e xerarquización das respostas e tamén de incluír unha explicación das formas, aínda que sexa breve, coa finalidade de facilitar a consulta ás persoas que se queiran achegar aos cadernos do *Atlas Lingüístico Galego*.

A seguir ofrécese a Bibliografía (pp. 577-585), organizada en torno a dúas epígrafes: os estudos (traballos referidos especificamente á vaca; dicionarios e obras lexicográficas; estudos dialectolóxicos, lingüísticos e gramaticais etc.) e as edicións de textos medievais, modernos e contemporáneos. Toda ela é destacable por combinar as obras clásicas imprescindibles coas publicacións máis recentes e relevantes nos diversos ámbitos de estudo abarcados polo autor.

As páxinas seguintes da obra están ocupadas por tres índices: o Índice de formas do material primario (pp. 587-618), que ofrece unha relación de todas as voces (simples e lexías compostas) obtidas do material primario e acompañadas do capítulo en que se localizan e da referencia. No Índice de afixos (pp. 621-624) dáse unha listaxe coas referencias aos capítulos e epígrafes en que se atopan as voces analizadas, o que nos permite comparar a produtividade duns e doutros procedementos de creación de palabras. Finalmente, no Índice de étimos e formas citadas no comentario das respostas (pp. 627-665) recóllese o étimo proposto para as diversas formas e aquelas voces que foron empregadas como material secundario para explicar aspectos que o autor considerou pertinentes recorrendo ás linguas veciñas, a outras fontes da fala viva utilizadas para exemplificar, etc.

O libro péchase con dous anexos, ambos os dous recollidos no CD-ROM que acompaña o libro en papel: Anexo I. Índice de localidades (pp. 667-710), no que se dá conta alfabeticamente dos puntos xeográficos relativos á enquisa do *Atlas Lingüístico Galego* (feitas nas provincias galegas e nos territorios de fala galega das comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora) e ás enquisas dos estudantes (feitas nas catro provincias galegas e nalgunhas zonas fronteirizas de Asturias e León); no mesmo anexo recóllese a ficha dos 215 informantes. Merece ser destacado pola súa utilidade visual o Anexo II. Índice de mapas (pp. 713-729), onde se clasifican seguindo as seccións da obra os 115 mapas que ilustran os datos, moitos relacionados na versión en papel e outros só recollidos no CD-ROM que acompaña a publicación e que serven para ampliar ou precisar na cartografía a información fornecida no libro.

Non quero rematar sen antes felicitar ao seu autor por poñernos na man esta obra e animalo a que nos siga achegando estudos deste tipo, que tanto contribúen a coñecermos mellor a lingua e poden servir como modelo para abordar outros traballos de xeolingüística galega.

▲ RAQUEL RODRÍGUEZ PARADA